



## CONVENIO DE COOPERACION ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A S. I. CATEDRAL BASILICA DA ASUNCIÓN DE MARÍA DE LUGO PARA COOPERAR NA INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN "SEMANA SANTA NO EIXO ATLÁNTICO" DENTRO DA PROGRAMACIÓN DA CAPITAL DA CULTURA.

En Lugo, ao 2 de maio de 2023

Dunha parte, Dna. Lara Méndez López, con D.N.I. número 77594722J, actuando en nome e representación como Alcaldesa - Presidenta, do Excmo. Concello de Lugo con domicilio en Lugo, Pza Maior nº 1 e C.I.F. P-2702800J.

Doutra parte Don Mario Vázquez Carballo, Deán-Presidente do Cabido da S. I. Catedral Basílica da Asunción de María, con N.I.F. R2700063G, actuando en nome e representación da citada institución.

Ambas as dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para conveniar en nome e representación das institucións que representan

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** O pasado 20 de abril aprobouse na Comisión de Cultura do Eixo Atlántico nomear a cidade de Lugo como Capital da Cultura do Eixo Atlántico no ano 2023. Dito nomeamento converteu a nosa cidade no centro da actividade cultural de Galicia e norte de Portugal, afianzando así o intercambio cultural entre Galicia e o norte luso. Por este motivo o Concello de Lugo está a organizar un extenso programa de actividades, con carácter anual, no que se poñerán en valor todas as ramas do eido cultural: danza, teatro, circo, arte urbano, música, etnografía...

Tanto o Concello de Lugo como a CATEDRAL DE LUGO comparten o interese na organización de eventos que posicionen a nosa cidade coma localización referente do turismo nacional e internacional, dando a coñecer a nosa cidade e provincia, o que indudablemente se traduce nun importante impulso para a economía local.

**SEGUNDO.-** O Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril,



artigo 25. 1. "O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo."

**TERCEIRO.-** Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto a organización da programación da "Lugo, Capital da Cultura".

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.-** OBXECTO

O obxecto deste convenio é a de establecer a colaboración entre o Concello de Lugo e a CATEDRAL DE LUGO para a organización da seguinte actividade dentro da programación da Capital da Cultura: Exposición da Semana Santa no Eixo Atlántico. Unha mostra de como se vive esta celebración relixiosa nas distintas zonas da Eurorexión e que estará aberta ao público do 17 ao 29 de abril.

### **SEGUNDA.-** ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA PARTE

A CATEDRAL DE LUGO comprométese á colaborar co desenvolvemento da Exposición da Semana Santa no Eixo Atlántico.

O Concello de Lugo como organizador da Capital da Cultura, asumirá os gastos derivados da organización do resto de actividades reflexadas no programa anexo a este documento, independentemente da colaboracións doutras empresas ou entidades privadas. O Concello de Lugo comprométese a realización da actividade segundo o programa anexo e a recabar as autorizacións sectoriais precisas de ser o caso.



### TERCEIRA.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

A CATEDRAL DE LUGO permitirá o uso do Claustro da Catedral de Lugo para realización dunha exposición, de acordo o programa indicado no programa anexo, sempre que, conforme ó Can. 1210 do Código de Dereito Canónico, se respecte a santidad do lugar, os obxectos de culto e a doutrina da Igrexa Católica conforme ás leis de liberdade relixiosa co fin de que se evite calquera tipo de escándalo para os fieis. Sin que tal cesión signifique un gasto engadido para a CATEDRAL DE LUGO.

O **Concello de Lugo** asumirá os gastos derivados da organización das actividades reflexadas no programa anexo a este convenio. En relación á actividade reflexada neste convenio, o Concello de Lugo licitou o contrato correspondente á contratación do servizo necesario para a instalación da exposición, por un importe de 14.084,40 € (IVE incluído), RC 8750, que inclúe os seguintes gastos:

- Elaboración do proxecto expositivo xeral
- Guión expositivo
- Itinerario
- Deseño das estruturas, paneis e vitrinas
- Recollida de información e creación de contidos (textos en galego, castelán e portugués, imaxes e audiovisuais tomando como punto de partida a documentación facilitada polos distintos Concellos)
- Elaboración e subministración segundo o proxecto aprobado polo Concello de Lugo, dos elementos gráficos e artes finais, das estruturas expositivas, incluíndose a produción e montaxe de paneis, vitrinas que figuren no proxecto.
- Dirección da montaxe.
- A entrega dunha memoria final do proxecto executado que deberá incluír un manual das instrucións técnicas e de uso de todos os sistemas, instrumentos e aparellos fornecidos, así como as especificacións para o seu mantemento e reposición.

As achegas financeiras comprometidas polos asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.



Ó termo da exposición, os ocupantes obríganse a deixar o Claustro da Catedral, libre e limpo, sen demora de ningunha clase e en perfecto estado de tódolos bens e calquera gasto que se xenere como consecuencia deste uso será por conta do Concello de Lugo.

O Concello de Lugo faise responsable de calquera tipo de dano material ou persoal segundo o disposto legalmente, eximindo expresamente a Catedral de Lugo de calquera clase de responsabilidade civil derivada do uso da finca.

O Concello de Lugo será responsable fronte a propiedade do bo uso que fagan do edificio a organización do acto, a empresa adxudicataria e as subcontratas desta, así como do cumprimento de tódalas condicións xerais de acceso á S.I.C.B. de Sta. María de Lugo.

Aos efectos de preservar o bo estado do claustro e da fábrica da S.I.C.B. de Sta. María, as empresas de montaxe non poderán utilizar no interior da Catedral ferramentas ou instrumentos que poidan producir residuos de algún tipo (serrín, polvo, elementos en suspensión, etc.), si se poderá utilizar pequena ferramenta no claustro da Catedral, sendo limpiados posteriormente calquera residuo que se poidera producir.

As empresas referidas, deberán cumprir en todo caso a normativa vixente na materia; e tratarse de empresas acreditadas e coas debidas autorizacións en cada caso.

Pola súa banda o Concello de Lugo comprométese a incluír os logotipos da CATEDRAL e da DIOCESE DE LUGO en todas as accións publicitarias que se realicen para promocionar a Exposición da Semana Santa no Eixo Atlántico.

Salvo autorización específica queda prohibido, dentro do edificio, a grabación ou filmación de imaxen, son ou video por calquera medio físico, electrónico ou dixital con fins comerciais ou publicitarios. O anterior exigirá a previa autorización expresa da Diocese de Lugo como propietaria do edificio. Sen embargo, o Concello de Lugo poderá gravar ou facer fotografías, co único fin, de promocionar a exposición e facilitar o coñecemento da mesma ao público en xeral, así como para o seu posible uso no expediente de solicitude de Festa de Interés Turístico Nacional.



#### CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

Os eventos relacionados fináncianse a través das contribucións do Concello de Lugo e a Corporación DIOCESE DE LUGO no marco do presente convenio:

ACTIVIDADE / INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCIERA CORPORACIÓN CATEDRAL DE LUGO	ACHEGA FINANCIERA CONCELLO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
	-----	14.084,40 €	----
<b>TOTAL CUSTE PROXECTO</b>	14.084,40 € (IVE incluído)		

#### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio senón a participación de ambas nun interese común.

#### SEXTA.- DURACIÓN

O alcance do presente convenio é en exclusiva a organización da programación de "Lugo, Capital da Cultura". Este convenio entrará en vigor dende o día da súa sinatura, e durará ata o 1 de maio de 2023. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción da correspondente adenda. Serán causas de resolución anticipada, ademais das expresamente previstas na lexislación aplicable:

- a) O incumprimento das obrigacións por calquera das partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado aos membros da Comisión de Seguimento e á entidade cumpridora. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- b) A imposibilidade de realizar o proxecto no lugar e data establecidos por calquera causa.



## **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN**

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

## **OITAVA .- EXTINCIÓN E EFECTOS**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da amentada Lei 40/2005 ( LRXSP).

## **NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento a Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se



vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

#### **DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais do Concello de Lugo e da CATEDRAL e a DIOCESE DE LUGO.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COOPERACIÓN.**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso – administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE**

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**En Lugo, ao 2 de maio de 2023**

Alcaldesa - Presidenta  
Excmo. Concello de Lugo

Deán da S. I. CATEDRAL BASILICA  
ASUNCIÓN DE MARÍA DE LUGO

Asdo.: Dona Lara Méndez López

Asdo.: Don Mario Vázquez Carballo